



TORRE DE HÉRCULES

Iconografía da Torre

A imaxe da Torre de Hércules é unha imaxe viva e omnipresente que está intimamente ligada á cidade da Coruña ata tal punto que resulta difícil identificar a esta se non se recorre ao faro. A Torre preside os escudos do Concello, da Deputación, da Universidade, da maior parte dos colexios profesionais e das asociacións culturais e deportivas coruñesas, pero tamén podemos encontrar a súa imaxe nas lousas que pavimentan as principais rúas da cidade, nos farois do paseo marítimo, en todo o mobiliario urbano, en adornos florais dos xardíns, decorando as tortas dunha das máis coñecidas confiterías da Coruña ou convertida no trofeo Teresa Herrera. A presenza da Torre é tamén evidente no rueiro e na toponimia da zona, así como nos nomes de empresas e negocios herculinos. Estamos a falar, polo tanto, dunha imaxe que identifica a cidade que é símbolo dun pasado milenario que desde xuño de 2009 é recoñecido como un ben de valor universal excepcional e forma parte da Lista de Patrimonio Mundial da UNESCO.

O valor emblemático da imaxe da Torre está documentado a finais do século XV, cando esta se converte no símbolo da cidade, no seu emblema, nunha icona innumerables veces repetida en soportes de moi distinta natureza como selos de placa, executorias, cartas náuticas, escudos e marcas de propiedade do Concello que se distribúen por toda a cidade. Pero coñécense con anterioridade imaxes interesantísimas do monumento como o mapamundi do Beato del Burgo de Osma (ca. 1085) ou a Carta Hereford (ca. 1280), onde aparece o “Farum Brigantium” como símbolo do *finis terrae* do mundo coñecido.

A pegada da Torre habería que buscala ademais nos portolanos de navegación, é dicir, nas cartas que utilizaban os navegantes da Baixa Idade Media nas que se consignaban as rutas, os accidentes xeográficos da costa, os portos e os faros. Estes portolanos deron paso nos séculos XVI e XVII ás cartas náuticas que reproducen a imaxe da Torre de Hércules. Resultan especialmente suxestivas aquelas cartas francesas ou inglesas nas que se reproduce con detalle o aspecto da Torre. Estas fontes gráficas teñen un especial interese para o estudo do monumento porque naquela época tanto Inglaterra como Francia eran os potenciais inimigos da coroa española e, polo tanto, a Torre sería para eles un obxectivo estratéxico para bater, de aí a súa precisión á hora de representala.

A partir do século XVIII, tanto o Ministerio de Mariña como o Consulado do Mar colaboraron para restaurar e modernizar o faro e froito desas iniciativas foi o encargo de diferentes proxectos aos enxeñeiros militares que ían acompañados de plantas, seccións e alzados que nos permiten coñecer o estado exterior e interior do faro. A iso habería que engadir varios gravados e debuxos coloreados que se conservan en distintos arquivos e que completan esta información. Contamos ademais cos planos que probablemente formaron parte do proxecto de Eustaquio Giannini para a reforma de 1789 e os publicados por José Cornide Savedra e o Padre Flórez, así como os que se refiren á reforma do fanal. O catálogo planimétrico complétase con planos parciais das reformas emprendidas durante a segunda metade do século XIX e nos séculos XX e XXI.

Finalmente, a todas estas imaxes haberíalle que engadir aquelas reproducións da Torre que xorden a partir do XIX coa aparición da fotografía. A Torre é sen dúbida o monumento coruñés que aparece máis veces reproducido nas coleccións de postais, nos carteis, nos almanaques, en estampas, en cerámicas e gravados. Máis recentemente é o emblema do *merchandising* e un reclamo publicitario, ademais de ser a imaxe máis popular da cidade, por iso a súa pegada abrangue todos os barrios a amosa unha iconografía versátil.